



Facultade de Filoloxía e Tradución

(*)

Horarios

Horarios

http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=74

Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G400V01905	Sintaxe da lingua galega II	1c	6
V01G400V01906	Historia interna da lingua galega	1c	6
V01G400V01907	Variación e historia externa da lingua galega	2c	9
V01G400V01915	Pragmática e discurso	1c	6
V01G400V01916	Semántica e léxico	1c	6
V01G400V01917	Gramática do español	2c	9
V01G400V01925	Análise das obras centrais da literatura galega desde 1975-I	1c	6
V01G400V01926	Xénero e literatura: Galicia e os países lusófonos	1c	6
V01G400V01927	Análise das obras centrais da literatura galega desde 1975-II	2c	9
V01G400V01935	Literatura española dos séculos XX-XXI	1c	6
V01G400V01936	Literatura hispanoamericana I	1c	6
V01G400V01937	Literatura hispanoamericana II	2c	9
V01G400V01945	As tecnoloxías na ensinanza-aprendizaxe de linguas	1c	6
V01G400V01946	Procesos migratorios e ensinanza de linguas	1c	6
V01G400V01947	Bilingüismo e educación bilingüe	2c	9

V01G400V01965	Prácticas textuais: Poesía	1c	6
V01G400V01966	Prácticas textuais: Novos formatos	1c	6
V01G400V01967	Prácticas textuais: Ensaio	2c	9
V01G400V01985	Estudos lusófonos III	1c	6
V01G400V01986	Estudos lusófonos IV	1c	6
V01G400V01987	Seminario de literaturas e culturas lusófonas	2c	9
V01G400V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Sintaxe da lingua galega II				
Materia	Sintaxe da lingua galega II			
Código	V01G400V01905			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.gal			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Aproximación ós esquemas coordinativos con 'e' en galego, ós marcadores discursivos e ás relacións sintácticas interoracionais en galego tendo en conta os enunciados e os parágrafos que constitúen.			

Competencias	
Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
CG8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
CE1	Perfecto dominio instrumental das linguas galega, española e portuguesa.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
CE8	Coñecemento das correntes teóricas e metodolóxicas da lingüística.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Saber describir en termos sintácticos un feito lingüístico en galego.	CB1 CG1 CE1 CT1
- Saber analizar sintácticamente enunciados en galego dun modo argumentado.	CB5 CG7 CE2 CT2
- Saber interpretar os elementos que modifican a gramaticalidade de enunciados en galego.	CG8 CE5 CT3
- Saber usar e explicar construcións sintácticas diferenciais do galego.	CE8 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12

Contidos	
Tema	
1. As construcións coordinadas en galego	1.1. A conxunción copulativa "e"
2. Entre a gramática e o discurso	2.1. Parataxe e hipotaxe oracionais. Conxunción e locucións conxuntivas galegas 2.2. Macrosintaxe 2.3. Marcadores discursivos en galego

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	16	65	81
Resolución de problemas	8	7	15
Lección maxistral	16	10	26
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	18	20
Observación sistemática	2	0	2
Presentación	2	2	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	<p>Cada discente elaborará individualmente dous traballos escritos seguindo as indicacións do profesor: un sobre o punto 1.1. e outro sobre o punto 4. do temario.</p> <p>Todo o estudantado (presencial e SEMIPRESENCIAL) entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva dos traballos á plataforma Moovi (incluíranse todos os ficheiros empregados na elaboración, tamén BD, corpus e diapositivas da presentación se as houber).</p> <p>Dedicaranse aulas presenciais a explicar a metodoloxía destes traballos. Ó longo do curso farase, tamén na aula, un seguimento deles, sobre todo do segundo. É moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir a algunha destas sesións de aula -fixaranse ó longo do curso- (se alguén non puiden ir a ningunha, deberá fixar unha titoría co docente).</p>
Resolución de problemas	<p>Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral.</p> <p>O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraaas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.</p>
Lección maxistral	<p>Nela o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día.</p> <p>O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).</p>
Actividades introdutorias	<p>Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma xeral da materia.</p> <p>O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma xeral da materia.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	<p>Alén das indicacións precisas que se proporcionarán nalgunha aula específica para poder desenvolver os traballos, ó longo do curso non só se atenderán na aula todas as consultas individuais, senón que se realizará nela abundante práctica. Por suposto, nas horas de titoría tamén se resolverán todas as consultas relacionadas coa súa elaboración. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración dos traballos a través da plataforma Moovi, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría. Se a cantidade de estudantado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.</p>

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Traballo tutelado	Os traballos, individuais, son obrigatorios tanto para o estudantado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data do exame (en cada unha das dúas edicións das actas). A proporción do seu valor será de 15%-40%, respectivamente.	55	CB1 CB5	CG1 CG7 CG8	CE1 CE2 CE5 CE8	CT1 CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12
Resolución de problemas	Ó longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas que serán avaliadas. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites que se poñan. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 15% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliada a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	10	CB5	CG1 CG7 CG8	CE1 CE2 CE5	CT1 CT2 CT6 CT8 CT10 CT11 CT12
Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia, se non os foi superando a través de exames/probas parciais ó longo do cuadrimestre.	22	CB1 CB5	CG1 CG7	CE1 CE2 CE5 CE8	CT1 CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12
Observación sistemática	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas maxistras. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".	5		CG1	CE1 CE2	CT1 CT2 CT3
Presentación	Un 8% da cualificación do traballo titorizado correspóndelle á exposición oral dos traballos na aula. Para o estudantado presencial a distribución será 3%-5% para cada un dos traballos, respectivamente. O estudantado SEMIPRESENCIAL só deberá expoñer oralmente o segundo deles (que valerá un 8%). As exposicións durarán aproximadamente, para o estudantado presencial, 5 e 10 minutos, respectivamente, e para o estudantado SEMIPRESENCIAL entre 12 e 15 minutos. Nestas exposicións non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituír a simple lectura deste material.	8	CB1	CG1 CG8	CE1 CE2 CE5	CT1 CT2 CT6 CT8 CT10

Outros comentarios sobre a Avaliación

Por defecto, enténdese que o estudantado opta por un sistema de avaliación continua; se así non for, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única permitida pola Universidade de Vigo.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais -in situ ou a distancia- e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o estudantado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballos, exames escritos e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) poderanse recuperar na segunda edición das actas (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que propondrá outras actividades compensatorias.

-Avaliación única (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [40%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais de dous traballos (seguindo as indicacións do docente) [15%-45%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. É obrigatoria a presentación oral dos traballos (fixarase a data da exposición co docente). Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez, R., "**Os nexos e a sintaxe**", Univ. de Santiago de Compostela, 1992

Álvarez, R. e X. Xove, "**Gramática da lingua galega**", Galaxia, 2002

Álvarez, R.; H. Monteagudo e X. L. Regueira, "**Gramática galega**", 2, Galaxia, 1995

Cidrás, Francisco e Francisco Dubert-García, "**A gramática galega, un río de curso curto e sinuoso. Panorama histórico dos estudos gramaticais sobre o galego**", 2017

Freixeiro Mato, X. R., "**Gramática da lingua galega**", 2, A Nosa Terra, 2002-2006

Freixeiro Mato, X. R., "**Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito**", 2016

Rodríguez Guerra, A., "**Os dicionarios galegos e os marcadores discursivos operadores e de control de contacto**", 2018

Bibliografía Complementaria

García Gondar, F. (dir.), "**BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**", Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

Iglesias Bango, M., "**Macrosintaxis: una proposta sobre dimensións, unidades y categorías**",

<http://dx.doi.org/10.5209/CLAC.61345>, Círculo de Lingüística Aplicada a la Comunicación, 2018

Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas. aconséllase a consulta directa, a través da biblioteca, das fontes bibliográficas.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Sintaxe da lingua galega I/V01G400V01903

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo estudantado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional

Aínda que houbera que substituír a docencia presencial in situ (na FFT) por docencia presencial a distancia, co emprego das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (nomeadamente o Campus Remoto e tamén Moovi -alén do correo electrónico e dalgún outro recurso útil-), non debería de ser preciso modificar a planificación (metodoloxías, contidos, avaliación e titorías) aquí exposta, coa salvidade da propia adaptación motivada polo uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia interna da lingua galega**

Materia	Historia interna da lingua galega			
Código	V01G400V01906			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Profesorado	Rodríguez Guerra, Alexandre			
Correo-e	xandre@uvigo.gal			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Percorrido sistemático polos principais cambios lingüísticos (fonético-fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos) que levaron do latín ó galego.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
CG9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE5	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise lingüística.
CE12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecemento dos principais cambios lingüísticos (fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos) que caracterizaron a lingua galega ao longo dos séculos.	CB1	CG1	CE2	CT1
	CB2	CG2	CE5	CT2
	CB5	CG2	CE12	CT3
				CT6
				CT8
		CG11		
		CG12		
		CG13		
		CG15		
		CG16		
		CG25		
		CG26		

Contidos

Tema	
1. O léxico	1.1. Historia do léxico galego 1.2. A formación de palabras no galego medieval

2. Principais cambios fonético-fonolóxicos no paso do latín ó galego	2.1. Introducción 2.2. O sistema vocálico 2.3. O sistema consonántico
3. Principais cambios morfolóxicos do latín ó galego	3.1. Formas léxicas (eido nominal e verbal) 3.2. Formas gramaticais
4. Da sintaxe latina á galega	4.1. Orde de constituíntes funcionais 4.2. Esquemas e funcións oracionais

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Resolución de problemas	22	22	44
Lección maxistral	20	20	40
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	60	62
Observación sistemática	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Desenvólvense o primeiro día de aulas e, nelas, realízase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma xeral da materia. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma xeral da materia.
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral. Nalgunha ocasión pódense entregar anticipadamente para que os/as estudantes os poidan preparar con certo adianto e, mesmo, para que poidan realizar unha pequena exposición na aula. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.
Lección maxistral	Nestas aulas o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase vivamente levar os contidos da materia ó día. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL disporá na plataforma Moovi dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Alén das indicacións do comezo do curso, ó longo das semanas atenderanse as consultas individuais que haxa sobre a elaboración dalgunhas prácticas concretas. O ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL poderá realizar as consultas a través da plataforma Moovi, do correo electrónico ou nalgunha titoría. Se a cantidade de estudantes semipresenciais así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	Ó longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas que serán avaliadas (tamén algunha presentación). É preciso que se respecten os prazos de entrega. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 35% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliada a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	30	CB1 CG1 CE2 CT1 CB2 CG7 CE5 CT2 CB5 CE12 CT3 CT6 CT8

Exame de preguntas de desenvolvemento	O estudantado de avaliación continua (tanto presencial coma SEMIPRESENCIAL) realizará unha proba escrita -sempre presencial- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia que non fose superando ó longo dos exames/probas parciais previos (na mesma data para todo o estudantado de avaliación continua).	65	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG7	CE2 CE5 CE12	CT1 CT2 CT3 CT6 CT8
Observación sistemática	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas prácticas e mais nas aulas maxistras. Para o ESTUDANTADO SEMIPRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".	5		CG1	CE2	CT1 CT2 CT3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Por defecto, enténdese que o estudantado opta por un sistema de avaliación continua; se así non for, deberá comunicar nas dúas primeiras semanas do curso a súa intención de se presentar á avaliación única permitida pola Universidade de Vigo.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas presenciais -in situ ou a distancia- e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o estudantado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL-): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar exames escritos e prácticas (presentacións) avaliados. Todas as prácticas, actividades e presentacións solicitados polo docente teñen que se entregar/realizar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Aquelas probas que non se superen na primeira edición das actas (xaneiro) poderanse recuperar na segunda edición das actas (xuño/xullo), co límite de entrega situado na data fixada pola FFT para o exame. Se por causa xustificada algún/ha estudante non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que propondrá outras actividades compensatorias.

-Avaliación única (admitida pola Universidade de Vigo): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (xaneiro e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [65%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais dun traballo (segundo as indicacións do docente) [35%]. Cómpre superar tanto o exame coma o traballo (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudantado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ó tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. I. Fonética e morfosintaxe. II. Lexicoloxía**, 4ª / 2ª, Laiovento, 1999 / 2001
- García de Diego, V., **Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)**, Reed. facsimilar, Univ. de Santiago de Compostela, 1984 [1909]
- González Seoane, E. (dir.) et alii, **Diccionario de diccionarios do galego medieval**, Univ. de Santiago de Compostela, 2006
- Larson, Pär, **A lingua das cantigas: gramática do galego-portugués**, Galaxia, 2019
- Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999
- Mariño Paz, R., **Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega**, Xerais, 2017
- Mariño Paz, R., **Historical Phonetics and Phonology**, De Gruyter, (No prelo)
- Mariño Paz, R. e X. Varela Barreiro (eds.), **Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais**, Universidade de Santiago de Compostela, 2015
- Mattos e Silva, R. V., **O portugués arcaico: fonología, morfología e sintaxe**, Contexto, 2006
- Pinkster, H., **The Oxford Latin Syntax**, Oxford University Press, 2015
- Varela Barreiro, X. e R. Pichel, **Panorama actual da lingüística histórica galega**, 2017
- Venâncio, F., **Así naceu unha lingua. Sobre as orixes do portugués**, Galaxia, 2021

Bibliografía Complementaria

- Corominas, J. e J. A. Pascual, **Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico**, Gredos, 1980-1991
- García Gondar, F. (dir.), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

López Viñas, X., **A formación de palabras no galego medieval: a afixación**, Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, 2012

Rodríguez Guerra, A. (ed.), **Lingüística histórica e dialectoloxía: coordenadas do cambio lingüístico**, Universidade de Vigo, 2016

Rodríguez Guerra, A. e X. B. Arias Freixedo (eds.), **The Vindel Parchment and Martin Codax / O Pergamiño Vindel e Martin Codax. The Golden Age of Medieval Galician Poetry / O esplendor da poesía galega medieval**, John Benjamins Publishing Company, 2018

Na aula fornecerase outras referencias bibliográficas máis específicas. Aconséllase a consulta directa, a través da biblioteca, das fontes bibliográficas.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Latín e literatura grecolatina/V01G400V01403

Fonética e fonoloxía da lingua galega/V01G400V01902

Morfoloxía da lingua galega/V01G400V01901

Sintaxe da lingua galega I/V01G400V01903

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

* Metodoloxías docentes que se modifican

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

* Probas xa realizadas

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas pendentes que se manteñen

Proba XX: [Peso anterior 00%] [Peso Proposto 00%]

...

* Probas que se modifican

[Proba anterior] => [Proba nova]

* Novas probas

* Información adicional

Aínda que houbera que substituír a docencia presencial in situ (na FFT) por docencia presencial a distancia, co emprego das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (nomeadamente o Campus Remoto e tamén Moovi -alén do correo electrónico e dalgún outro recurso útil-), non debería de ser preciso modificar a planificación (metodoloxías, contidos, avaliación e titorías) aquí exposta, coa salvidade da propia adaptación motivada polo uso das tecnoloxías da información e

da comunicación.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Variación e historia externa da lingua galega**

Materia	Variación e historia externa da lingua galega			
Código	V01G400V01907			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique			
Profesorado	Costas González, Xosé Henrique			
Correo-e	xcostas@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Aproximación á historia externa e mais do léxico da lingua galega, así como á súa variación sociolectal e, sobre todo, diatópica.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudiantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudiantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudiantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudiantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
CG9	Posuír as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.
CE2	Coñecemento da gramática das linguas galega, española e portuguesa.
CE12	Coñecemento da evolución histórica interna e externa do galego.
CE15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
CT1	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Coñecer as variedades xeográficas do galego e recoñecer a súa validez oral.	CB1 CG1 CE2 CT1 CB2 CG2 CE12 CT2
- Saber interpretar a variedade culta á luz da última historia externa do galego: dificultades de implantación, identificación, interferencias etc.	CB5 CG6 CE15 CT3 CG7 CT6 CG9 CT8
- Coñecemento do galego culto vs. galegos populares, dialectais (galego urbano vs. galegos rurais).	CT9 CT10 CT11 CT12

Contidos	
Tema	
1. A variación diatópica	1.1. Historia dos estudos dialectais galegos 1.2. ALGa, ALPi e ALBi 1.3. Bloques e áreas lingüísticas do galego 1.4. O galego exterior
2. Historia social da lingua galega no XX	2.1. O proceso normalizador desde 1970 2.2. O proceso normativizador desde 1970 2.3. Normalización, dinamización, revivificación.
3. As variedades diafásicas e diastráticas	3.1.- A variación diafásica. Tipoloxía. 3-2- A variación diastrática. Tipoloxía.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Traballo tutelado	24	71	95
Resolución de problemas	16	12	28
Lección maxistral	26	10	36
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	60	64

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	<p>O primeiro día de aulas realizarase un percorrido explicativo polos eixes sobre os que pivotará o curso. Entregarase un cronograma da materia.</p> <p>O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL tamén pode asistir a esta sesión. En todo caso o docente faralles chegar o cronograma da materia.</p> <p>O ALUMNADO NON PRESENCIAL poderá seguir as aulas por vídeos e titorías a través dos medios telemáticos dispostos pola UVigo.</p>
Traballo tutelado	<p>Cada discente elaborará individualmente dous traballos escritos, seguindo as indicacións do profesor, sobre os puntos 3. e 5. do temario.</p> <p>Todo o alumnado entregará unha copia en papel e subirá a versión definitiva dos traballos á plataforma Faitic.</p> <p>Dedicaranse aulas presenciais a explicar a metodoloxía destes traballos. Ó longo do curso farase, tamén na aula, un seguimento deles.</p> <p>É moi recomendable para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL asistir a algunha destas sesións de aula - fixaranse ó longo do curso- (se alguén non puider ir a ningunha, deberá acordar unha titoría co docente).</p> <p>O ALUMNADO NON PRESENCIAL recibirá titorías e sesións virtuais seguindo as canles establecidas pola UVigo.</p>
Resolución de problemas	<p>Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados cos contidos da materia. Empregaranse como complemento da lección maxistral.</p> <p>O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL disporá na plataforma Faitic das prácticas, que deberá entregar no prazo que se marque. Despois, o profesor, en función da natureza do exercicio, devolveraaas corrixidas, fornecerá un solucionario de autocomprobación ou fixará unha titoría para explicalas.</p>
Lección maxistral	<p>Nestas sesións, o docente exporá os contidos da materia, bases teóricas e lecturas relacionadas con elas, directrices ou explicacións a partir dos exercicios prácticos. Aconséllase levar os contidos da materia ó día.</p> <p>O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL disporá na plataforma Faitic dos materiais necesarios para preparar todos os contidos que se desenvolvan. Empregaranse, para iso, ficheiros en formato pdf (por veces o profesor tamén os poderá enviar por correo electrónico).</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición

Traballo tutelado Alén das indicacións precisas que se proporcionarán nalgunha aula específica para poder desenvolver os traballos, ó longo do curso non só se atenderán na aula todas as consultas individuais, senón que se realizará nela abundante práctica. Por suposto, nas horas de titoría tamén se resolverán todas as consultas relacionadas coa súa elaboración. O ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL poderá realizar as consultas sobre a elaboración dos traballos a través da plataforma Fatic, do correo electrónico ou, preferiblemente, nalgunha titoría presencial ou virtual. Se a cantidade de alumnado semipresencial así o aconsellar, poderase realizar algunha titoría en grupo, tipo seminario.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Traballo tutelado	Os traballos, individuais, son obrigatorios tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL. A data límite de entrega coincidirá coa data do exame (en cada unha das dúas edicións das actas). A proporción do seu valor será 20%-30%, respectivamente. Un 7% da cualificación correspóndelle á exposición oral dos traballos na aula. Tanto para o alumnado presencial coma para o SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL a distribución será 3%-4% para cada un dos traballos, respectivamente. As exposicións durarán aproximadamente, tanto para o alumnado presencial coma SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL, 7 e 10 minutos, respectivamente. Nestas exposicións non se poderá ler. Poderase empregar un pequeno guión ou acompañar a exposición de axudas audiovisuais, mais a presentación oral non pode constituír a simple lectura deste material. As exposicións poderan ser virtuais, enviándose no formato que o alumnado desexe.	50	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG6 CG7 CG9	CE2 CE12 CE15	CT1 CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12
Resolución de problemas	Ao longo do cuadrimestre o docente especificará as actividades prácticas que serán avaliadas. É preciso que se vaian entregando dentro dos límites que se poñan. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL esta epígrafe alcanza un 17% da cualificación final, por iso deberá levar a cabo algunha práctica avaliada a maiores ou realizar máis exhaustivamente algunha das que se propoñan (sempre seguindo as indicacións do docente).	12	CB1 CB2 CB5	CG1 CG7	CE2 CE12 CE15	CT1 CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10
Lección maxistral	Valorarase a asistencia regular cunha participación activa nas aulas maxistras, que se poderán seguir on-line para o alumnado semipresencial e non presencial. Para o ALUMNADO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL este 5% da nota sumarase na metodoloxía "Resolución de problemas e/ou exercicios".	5	CB1	CG2 CG7	CE2 CE12 CE15	CT3 CT6 CT9
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado que opte pola avaliación continua realizará unha proba escrita -presencial ou virtual- na data oficial proposta no calendario da FFT (para calquera das dúas edicións das actas) sobre os contidos teórico-prácticos da materia. Se as circunstancias así o aconsellaren, poderase realizar un exame parcial previo, liberador de materia (na mesma data para todo o alumnado de avaliación continua).	33	CB1 CB2 CB5	CG1 CG2 CG6 CG7 CG9	CE2 CE12 CE15	CT1 CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todo o alumnado deberá decidir ó comezo do curso se opta por un sistema de avaliación continua ou por outro de avaliación única.

-Avaliación continua (para quen (a) asista regularmente ás aulas, de maneira presencial ou telemática, e (b) entregue as tarefas respectando os prazos e as indicacións do profesor -(a) e (b) para o alumnado presencial e só (b) para o SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL -): para poder facer a media final ponderada, haberá que superar traballos, exame escrito e prácticas avaliadas. Todas as prácticas, actividades e traballos solicitados polo docente teñen que se entregar, para poder ser avaliados, nos prazos marcados. Os discentes que non perdan o dereito á avaliación continua poderán recuperar na segunda edición das actas (xullo), na data fixada pola FFT, aquelas probas que non superasen na primeira

edición das actas (maio). Se por causa xustificada algún alumno/a non pode cumprir co requisito (a), deberallo comunicar ó docente, que poderá propoñer outras actividades compensatorias.

-Avaliación única (para o alumnado que opte por ela ou para quen non cumpra cos requisitos para a avaliación continua, ou renuncie a ela): poderase superar a materia, en calquera das dúas edicións de actas (maio e xullo), a través dun exame final escrito de todos os contidos teórico-prácticos da materia [40%] (que se realizará nas datas fixadas pola FFT no seu calendario oficial) e mais de dous traballos (seguindo as indicacións do docente) [25%-35%]. Cómpre superar tanto o exame coma os traballos (en cada unha das convocatorias) para poder aprobar a materia. Aínda que se opte por un sistema de avaliación única aconséllase a asistencia ás aulas.

A copia ou o plaxio, total ou parcial, será avaliado cun cero na proba (traballo, práctica ou exame) en que se detecte. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Todas as consultas realizadas por correo electrónico ou por medios informáticos (titoría virtual, skype etc.) serán atendidas no horario de titorías.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Dialectoloxía e léxico**, ILG/CCG, 2002

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Lingua e territorio**, ILG/CCG, 2006

Costas González, X.-H., **O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas (Cáceres-Estremadura)**, Xerais, 2013

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da lingua galega**, 3ª, Xerais, 2003

Fernández Rei, F.; Álvarez Blanco, R.; González González, M.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X., **Atlas Lingüístico Galego**, ILG/FBdLM, 1990-2016

Ferreiro, M., **Gramática histórica galega. II. Lexicoloxía**, 2ª, Laiovento, 2001

Mariño Paz, R., **Historia da lingua galega**, 2ª, Sotelo Blanco, 1999

Monteagudo Romero, H., **Historia social da lingua galega: Idioma, sociedade e cultura a través do tempo**, Galaxia, 1999

Rodríguez Guerra, A. (ed.), **Lingüística histórica e dialectoloxía: Coordenadas do cambio lingüístico**, Univ. de Vigo, 2016

Sánchez Rei, X. M., **Lingua galega e variación dialectal**, Laiovento, 2011

Bibliografía Complementaria

García Gondar, F. (dir.), **BILEGA, Bibliografía informatizada da lingua galega**, Centro de Investigacións Ramón Piñeiro,

Na aula forneceranse outras referencias bibliográficas máis específicas,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fonética e fonoloxía da lingua galega/V01G400V01902

Historia interna da lingua galega/V01G400V01906

Plan de Continxencias

Descrición

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS

* Metodoloxías docentes que se manteñen: todas, o único que decae son as prácticas de campo de dialectoloxía galega.

* Metodoloxías docentes que se modifican:

A gravación dialectal in situ é substituída por unha gravación dialectal tomada da rede.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
Por medio do despacho virtual previsto pola UVigo.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir: ningunha.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe: irase facilitando en función das circunstancias. En calquera caso, está previsto que o profesor proporcione os mapas dialectais do galego en formato pdf por correo electrónico ou pola plataforma campusremoto.uvigo.gal.

* Outras modificacións

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN

* Probas pendentes que se manteñen: todas. Os exames poderanse realizar virtualmente se for o caso.

* Probas que se modifican: substitúese a análise dialectal feita in situ por unha gravación tomada da rede. A puntuación é a mesma.

* Información adicional: Na modalidade mixta, en que unha parte do estudiantado permanecerá na clase, e o resto do estudiantado seguirá as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas cás da modalidade presencial, adaptando grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Pragmática e discurso**

Materia	Pragmática e discurso			
Código	V01G400V01915			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Sueiro Justel, Joaquín			
Profesorado	Sueiro Justel, Joaquín			
Correo-e	jsueiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Descrición da pragmática como disciplina que estuda os principios que regulan o uso da linguaxe na comunicación, é dicir, as condicións que determinan tanto o emprego dun enunciado concreto, por parte dun falante concreto nunha situación *comunicativa concreta, como a súa interpretación por parte do destinatario; doutra banda, en relación ao discurso, analizarase como unha práctica *discursiva en relación coa realidade social, lingüística, histórica, cultural e ideolóxica na que se produce.			

Competencias

Código	
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT4	Capacidade para adaptarse a novas situacións.
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecemento dos principais fitos da literatura escrita en lingua española, con especial atención aos contextos socioculturais en que se producen.	CB1	CG1	CE3	CT1
	CB2	CG2	CE4	CT2
	CB2	CG2	CE6	CT3
	CB3	CG5	CE6	CT4
	CB5	CG7	CE9	CT6
	CB5		CE9	CT7
			CE17	CT8
			CE18	CT9

Contidos

Tema	
1. Introducción.	Conceptos básicos: literatura hispanoamericana/literaturas hispanoamericanas

2. As literaturas indíxenas precolombinas	Náhuatl Maya Quechua (Antoloxía de textos precolombianos preparada polo profesorado)
3. Historiografía indiana. Características xerais e periodización	Inca Garcilaso de la Vega. Comentarios reales de los Incas (selección). Guamán Poma de Ayala. Primer nueva crónica y buen gobierno (selección).
6. Teatro mestizo	Tragedia del fin de Atahualpa. Uscar Pauca.
7. Impacto da Ilustración en América	Antecedente do intelectual ilustrado do século XVIII. Infortunios de Sigüenza y Góngora. El lazarillo de ciegos caminantes de Alonso Carrió de la Vandra (Selección). El siglo de las luces de Alejo Carpentier.
8. Prosa política	Memorias de Servando Teresa de Mier (selección)
9. Seminario Poesía lírica e épica nos séculos XVI e XVII	Romancero (selección). La Araucana de Alonso de Ercilla (selección). Flores de Baria Poesía. Cancionero novohispano del siglo XVI. Poesía lírica de Sor Juana Inés de la Cruz.
10. Seminario Literatura de viaxes	Antecedentes Narrativas de viaxes en crónicas de América (selección de textos).

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	40	70
Resolución de problemas	10	20	30
Actividades introdutorias	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	42	48

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora de contidos sobre a materia obxecto de estudo. Nestas sesións entregarase e comentará unha bibliografía detallada de cada un dos bloques do temario. A medida que se impartan os temas incorporárase en Moovi unha presentación en power point dos puntos desenvolvidos e documentación complementaria.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan exercicios e/ou problemas relacionados coa materia e as lecturas obrigatorias.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o estudiantado, así como a explicar os pormenores do curso: temario, lecturas obrigatorias, ferramentas de Moovi, probas e avaliación. Recoméndase ao estudiantado que de non poder asistir a esta sesión inicial pónase en contacto coa docente a través de correo ou solicitando unha titoría.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	En horario de titorías atenderase calquera dúbida tanto do contido da materia como dos diferentes exercicios expostos.
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	En horario de titorías atenderase calquera dúbida relacionada coas probas a realizar.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Resolución de problemas	De forma paralela ao desenvolvemento das clases maxistrais pedirase ao estudiantado diferentes propostas relacionadas co tema desenvolvido como comentarios de texto, recensións, control de lecturas.	20	CB1 CB5 CG1 CG7 CE3 CE6 CE9 CT7 CT8 CT9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de tres exames ao longo do curso que consistirán nun comentario de texto das lecturas obrigatorias. As datas destas probas serán proporcionadas na sesión inicial e estarán visibles en Moovi.	80	CB1 CB2 CG1 CG2 CG7 CE3 CE6 CT2 CT6 CT7 CT8 CT9

Outros comentarios sobre a Avaliación

Alumnado presencial

Serán valoradas, cunha porcentaxe do 20% da nota, as diferentes probas, que de forma paralela a cada un dos temas do temario, pediranse ao estudantado. A entrega destes exercicios realizarase a través da plataforma Moovi no prazo acordado.

Quen non entregue as actividades nas datas sinaladas deberá presentarse á avaliación única.

Serán valoradas, cunha porcentaxe do 80% da nota, os tres exames de comentario de texto que se programarán ao longo do curso.

Quen non se presente a estes exames deberá presentarse á avaliación única. A nota resultante da avaliación continua será a suma de ata un 20% do total de resolución de problemas e ata un 80% do total das probas de desenvolvementos.

As alumnas e alumnos que non alcancen o aprobado poderán presentarse á avaliación única, na data oficial correspondente. A avaliación única consistirá na realización dun exame nas datas sinaladas pola Facultade nas convocatorias de maio e xuño/xullo.

No devandito exame o estudantado deberá contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario.

Alumnado semipresencial

É altamente recomendable a asistencia á presentación da materia o primeiro día de clase.

É necesario que se dean de alta en Moovi para a consulta do material e entrega de probas.

Para optar á avaliación continua é obrigatorio, se non se pode asistir á primeira sesión presencial da materia, solicitar a través do correo e ao comezo do curso unha titoría coa profesora. Se non se asiste presencialmente á primeira sesión ou non se solicita dita titoría, a docente entenderá que se opta pola avaliación continua.

Para ter dereito á avaliación continua o estudantado semipresencial deberá realizar, obrigatoriamente, as actividades sobre cada tema que se proporcionarán en Moovi e entregalas no prazo acordado, así como os tres exames programados ao longo do curso. Se é o caso de non poder asistir presencialmente aos devanditos exames débese notificar á docente, a cal propoñerá o exame vía telemática. Se non se entregan estas probas nas datas marcadas nin se realizan os exames deberá presentarse á avaliación única.

A nota resultante da avaliación continua será a suma de ata un 20% do total de resolución de problemas e ata un 80% do total das probas de desenvolvementos.

As alumnas e alumnos que non alcancen o aprobado poderán presentarse á avaliación única, na data oficial correspondente.

A avaliación única consistirá na realización dun exame nas datas sinaladas pola Facultade nas convocatorias de maio e xuño/xullo. No devandito exame o estudantado deberá contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

De la Cruz, Juana Inés, **Poesía Lírica**, Cátedra,

Núñez Cabeza de Vaca, Álvar, **Nafragios**, Cátedra,

Carpentier, Alejo, **El Siglo de las Luces**, Cátedra,

Oviedo, José Miguel, **Historia de la literatura hispanoamericana I**, Alianza, 1995

Sigüenza y Góngora, Carlos de, **Infortunios de Alonso Ramírez**, Vicerrectorado de Investigación, Desarrollo e Inno, 2003

Todorov, Tzvetan, **La conquista de América. El problema del otro**, Siglo XXI,

Concolorcorvo, **Lazarillo de ciegos caminantes**, Emec,

Vélez, Iván, **Sobre la leyenda negra**, Encuentro, 2014

Inca Garcilaso de la Vega, **Comentarios reales**, Cátedra,

Cid Pérez, José y Dolores Martí de Cid (eds.), **Teatro indoamericano colonial**, Aguilar,

De Mier, Servando Teresa, **Memorias. Un fraile mexicano desterrado en Europa**, Trama Editorial, 2012

León-Portilla, Miguel, **La tinta negra y roja: Antología de poesía Náhuatl**, Galaxia/Gutenberg,

AA.VV., **Flores de Baria Poesía. Cancionero novohispano del siglo XVI**, Fondo de Cultura Económica, 2004

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Literatura hispanoamericana II/V01G400V01937

Outros comentarios

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o estudiantado da súa responsabilidade neste aspecto.

Na avaliación terase en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudiantado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MOOVI (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos anuncios e datas das diferentes probas.

O estudiantado de intercambio debe coñecer o idioma en que se imparte a materia (español) para poder seguila.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada polo COVID-19, a Universidade de Vigo establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun modo máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo estudiantado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

-Actividades introductorias: Actividade encamiñada a tomar contacto e reunir información sobre o estudiantado, así como a presentar a materia, a través das ferramentas de teledocencia Campus Remoto e Moovi. Esta sesión impartida en modalidade síncrona na aula virtual poderá ser gravada para que o estudiantado con problemas de conectividade poida acceder a elas de forma asíncrona.

-Lección Maxistral: Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo no horario oficial establecido pola facultade, a través das ferramentas de teledocencia Campus Remoto e Moovi. As sesións impartidas en modalidade síncrona nas aulas virtuais poderán ser gravadas para que o estudiantado con problemas de conectividade poida acceder a elas de forma asíncrona.

-Resolución de problemas: O estudiantado realizará exercicios a través da modalidade asíncrona, baixo as directrices e supervisión da profesora. Para a realización destas actividades o estudiantado deberá ler as lecturas e demais materiais proporcionados na plataforma Moovi.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Ningunha.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase no despacho virtual da profesora, en horario de titorías oficiais, baixo a modalidade de concertación previa e a través do correo electrónico.

* Modificacións (si proceden) dos contidos a impartir
Ningunha

* Bibliografía adicional para facilitar o auto-aprendizaxe

As novas lecturas estarán dispoñibles para o estudiantado na plataforma Moovi.

* Outras modificacións
Ningunha

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

-Primeira edición das actas (xaneiro-maio):

O estudiantado que siga o sistema de avaliación continua realizará un exame ao final do cuadrimestre, que coincidirá coa data establecida no calendario oficial de exames da FFT, no que a cualificación suporá o 60% da nota final. Esta proba, que

se realizará en modalidade síncrona, consiste no desenvolvemento dunha pregunta sobre o temario. Escríbese a man e asinará para daquela ser subida a Moovi. Durante o tempo de realización da proba a profesora estará dispoñible en Moovi a través do chat para responder as dúbidas que poidan xurdir. Naqueles casos de sospeita de práctica irregular ou problemas de conexión do estudiantado está proba será substituída por un exame oral. Por correo comunicarase a cada estudante o día, hora e duración do exame oral coa suficiente antelación.

De forma paralela ao desenvolvemento dos temas, o alumnado realizará diversas probas previamente anunciadas como comentario de textos, recensións, control de lecturas que deberán ser subidas a MOOVI nas datas anunciadas. Estas probas conforman até o 40% da nota final.

O estudiantado que non siga o sistema de avaliación continua terá avaliación única mediante un exame obrigatorio na data oficial establecida no calendario de exames da FFT. Esta proba, que se realizará en modalidade síncrona, consiste na realización a través de FAITIC dun exame no que o estudiantado deberá contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. A parte teórica, que representará o 60% da nota, versará sobre contidos relacionados co temario. A parte práctica, que representará o 40% da nota, incluírá aspectos do programa traballados nas clases prácticas. Para poder superar o exercicio na avaliación única será necesario obter, como mínimo, un 3 na parte teórica e un 2 na práctica. O exame será subido a MOOVI o día e hora sinalados pola Facultade, realizado a man e asinado para ser subido á plataforma en formato pdf ou jpg ao final da hora sinalada pola Facultade para a realización da proba. Durante o tempo de realización do exame a profesora estará dispoñible en MOOVI a través do chat para responder as dúbidas que poidan xurdir. Naqueles casos de sospeita de práctica irregular ou problemas de conexión do estudiantado está proba será substituída por un exame oral comunicándolle por correo a cada estudante o día, hora e duración do exame oral coa suficiente antelación.

Na segunda edición de actas (xuño-xullo)

Na segunda edición o estudiantado deberá realizar un exame obrigatorio na data oficial establecida no calendario de exames da FFT. Esta proba, que se realizará en modalidade síncrona, consiste na realización a través de MOOVI dun dun exame no que o estudiantado deberá contestar varias preguntas teóricas e prácticas relacionadas co temario. A parte teórica, que representará o 60% da nota, versará sobre contidos relacionados co temario. A parte práctica, que representará o 40% da nota, incluírá aspectos do programa traballados nas clases prácticas. Para poder superar o exercicio na avaliación única será necesario obter, como mínimo, un 3 na parte teórica e un 2 na práctica. O exame será subido a MOOVI o día e hora sinalados pola Facultade, realizado a man e asinado para ser subido á plataforma en formato pdf ou jpg ao final da hora sinalada pola Facultade para a realización da proba. Durante o tempo de realización do cuestionario a profesora estará dispoñible en Moovi a través do chat para responder as dúbidas que poidan xurdir. Naqueles casos de sospeita de práctica irregular ou problemas de conexión do estudiantado está proba será substituída por un exame oral comunicándolle por correo a cada estudante o día, hora e duración do exame oral coa suficiente antelación.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Literatura hispanoamericana II**

Materia	Literatura hispanoamericana II			
Código	V01G400V01937			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Luna Selles, Carmen			
Profesorado	Luna Selles, Carmen			
Correo-e	virginials@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Estudo dos principais autores, autoras e obras da literatura hispanoamericana desde o século XIX ata a actualidade.			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
CG2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permita ao estudantado acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
CG5	Capacidade do estudantado para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o título.
CG7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarias.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT4	Capacidade para adaptarse a novas situacións.
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT7	Apreciación da diversidade e a multiculturalidade.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias				
Coñecemento dos principais fitos da literatura escrita en lingua española, con especial atención aos contextos socioculturais en que se producen	CB1	CG1	CE3	CT2	
	CB2	CG2	CE6	CT4	
	CB5	CG5	CE9	CT6	
		CG7		CT7	
				CT8	
				CT9	
				CT10	

Contidos

Tema	
1. Romanticismo	1.1. Independencia e novos contextos 1.2. A novela romántica Gertrudis Gómez de Avellaneda, Sab 1.3. O costumismo. Ricardo Palma e Clorinda Matto de Turner -Selección de textos-

2. A crise de fin de século. Modernismo e "Posmodernismo"	2.1. O ensaio e o conto modernista: Rubén Darío, Amado Nervo, Horacio Quiroga -Selección de textos- 2.2. As "poetas posmodernistas": Delmira Agustini, Gabriela Mistral, Alfonsina Storni e Juana de Ibarbourou -Selección de textos-
3. Creacionismo e outros ismos	3.1. Vicente Huidobro, Altazor o el viaje en paracaídas 3.2. César Vallejo 3.3. A poesía negrista caribeña -Selección de textos-
4. O indigenismo	4.1. Jorge Icaza, Huasipungo 4.2. José María Arguedas, "Warma kuyay"
5. Cara unha nova narrativa	5.1. Jorge Luis Borges -Selección de textos- 5.2. María Luisa Bombal, La amortajada 5.3. Elena Garro, Los recuerdos del porvenir 5.4. Juan Rulfo, selección de contos de El llano en llamas
6. Narrativa do boom	6.1. Alejo Carpentier, "Viaje a la semilla" 6.2. Julio Cortázar, Rayuela 6.3. Gabriel García Márquez -Selección de textos-
7. Narrativa do post-boom	7.4. Laura Esquivel, Como agua para chocolate 7.5. Manuel Puig, El beso de la mujer araña
8. Posmodernidade	8.1. Novela de crímenes 8.2.1 Fernando Vallejo, La Virgen de los Sicarios 8.2.2. Horacio Castellanos Moya, Moronga 8.2. Xénero e narrativa, Selva Almada, Chicas muertas 8.3. Teatro e narrativa da posdictadura, Lola Arias, Campo minado. Nona Fernández, La dimensión desconocida 8.4. Massmedia, ciberespacio e xeografías virtuais, Samanta Schweblin, Kentukis

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	0	30
Actividades introdutorias	2	0	2
Presentación	16	40	56
Debate	18	32	50
Traballo tutelado	2	26	28
Eventos científicos	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	55	57

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Sesións sobre contextos e movementos histórico-literarios
Actividades introdutorias	Presentación da materia e descrición dos seus obxectivos
Presentación	Exposicións na aula sobre diversos aspectos das lecturas obrigatorias
Debate	Reflexión sobre temas, obras e intereses estéticos de cada época literaria
Traballo tutelado	Realización dun traballo escrito sobre algunha cuestión relativa a unha o varias das obras de lectura obligatoria
Eventos científicos	Conferencia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación	Atención aos problemas que se formulen nas distintas presentacións
Traballo tutelado	Resolución de dúbidas e indicacións sobre a planificación do traballo

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Os contidos desenvolvidos nas sesións maxistras serán avaliados a través das reflexións na aula	10	

Presentación	Exposición na aula sobre diferentes aspectos dos movementos literarios e das obras leídas	10	CB1 CB2	CG2 CG5	CE9	CT2 CT6 CT8 CT9 CT10
Debate	O debate referirase a reflexións sobre temas, obras e intereses estéticos de cada época literaria	15				
Traballo tutelado	Traballo escrito sobre algún aspecto dunha ou de varias das lecturas obrigatorias do programa	10	CB5	CG1 CG5	CE6 CE9	CT2 CT6 CT7 CT10
Exame de preguntas de desenvolvemento	Proba escrita sobre algúns aspectos das obras de lectura obligatoria, así como tamén comentarios dalgún fragmento das mesmas. O coñecemento dos contidos expostos nas sesións maxistras serán avaliados, igualmente, a través destas probas	55	CB1 CB5	CG2 CG5	CE6 CE9	CT6 CT7 CT9 CT10

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. AVALIACIÓN CONTINUA:

A nota resultará da ponderación das calificacións das exposicións e debates de clase, o traballo escrito e as probas de resposta larga e o análise de textos.

Será **requisito** para superar cada unha destas actividades a correcta exposición oral e escrita, é dicir, o uso pertinente dos signos de puntuación, a corrección ortográfica, o orde e claridade expositiva e a limpeza dos exercicios.

A data da proba-exame coincidirá con aquela fixada oficialmente pola Facultade para o alumnado de avaliación única.

2. AVALIACIÓN ÚNICA

As alumnas e alumnos que non poidan asistir ás clases terán que realizar, ademais de proba-exame, un traballo sobre algún aspecto relativo aos contidos da asignatura. Por esta razón, é importante que se poñan en contacto con profesora durante as primeiras semanas do cuadrimestre.

Neste caso, o valor do traballo será do 25% e o da proba-exame do 75%, o que significa que será preciso aprobar esta última proba para sumar a nota do traballo.

Proceden, igualmente, para aprobar, os **requisitos** indicados a propósito da avaliación continua.

A proba-exame realizarase na data fixada oficialmente pola Facultade.

3. SEMIPRESENCIALIDADE

O alumnado semipresencial terá que realizar a proba-exame (de características similares ás da avaliación continua) ademais de resolver algunhas probas de resposta curta e larga que se realizarán a través da plataforma virtual. Realizará tamén un breve traballo (sobre algún/s aspecto/s das obras de lectura obligatoria) a través do cal dar conta das súas capacidades críticas e analíticas.

Os **requisitos** para superar estas probas son idénticos ós da avaliación continua (véxase arriba)

A proba-exame celebrarase na data fixada oficialmente pola Facultade.

4. CONVOCATORIA DE XULLO. En todos os casos, a convocatoria de xullo terá lugar na data fixada pola Facultade. Nesta convocatoria, a avaliación realizarase a través de probas de resposta curta, de probas de ensaio e de análise de textos.

NOTA: Naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer referidas adecuadamente. Plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o exercicio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sáinz de Medrano, Luis, **Histoia de la literatura hispanoamericana, desde el Modernismo**, Taurus, 1989

Garro, Elena, **Los recuerdos del provenir**, Alfaguara, 2019

Vallejo, Fernando, **La Virgen de los sicarios**, Debolsillo, 2016

Fernández, Nona, **La dimensión desconocida**, Random House, 2017

Schweblin, Samanta, **Kentukis**, Random House, 2018

Fuentes, Carlos, **Aura**, Libros del Zorro Rojo, 2017

Arias, Lola, **Campo minado/Falklands**, Oberon Books, 2017

Icaza, Jorge, **Huasipungo**, Cátedra, 2005

Carpentier, Alejo, **Viaje a la semilla**, TXALAPARTA, 2003

Bombal, María Luisa, **La amortajada**, Seix Barral, 2001

Castellanos Moya, Horacio, **Moronga**, Random House, 2018

Bibliografía Complementaria

Franco, Jean, **Historia de la literatura hispanoamericana a partir de la independencia**, Ariel, 1987

Íligo Madrigal, Luis, ed., **Historia de la literatura hispanoamericana, vol II**, Cátedra, 2015

Shaw, Donald, **Nueva narrativa hispanoamericana: boom, posboom, posmodernismo**, Cátedra, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura hispanoamericana I/V01G400V01936

Outros comentarios

1. As obras de lectura obligatoria aparecen indicadas en cada un dos apartados de cada tema (sección Contidos)

A bibliografía complementaria específica sobre cada época e cada autor/a do programa facilitarase a través da plataforma virtual. Tamén a través desta plataforma achegaranse as indicacións e materiais pertinentes para o alumnado semipresencial.

2. Para o alumnado ERASMUS (de habelo) os requisitos serán os mesmos en todos os aspectos da materia.

3. O horario de titorías entregarase no comezo do cuadrimestre. As consultas enviadas por correo-e serán respondidas dentro dese mesmo horario.

Plan de Continxencias

Descrición

DESENVOLVEMENTO DA MATERIA NO CASO DE CIRCUNSTANCIA DE EMERXENCIA SANITARIA

1. Desenvolvemento da materia

O alumnado disporá dende o comezo do cuadrimestre dun cronograma que recolla a secuencia de desenvolvemento dos contidos da mesma. Tendo en conta que estos se apoian fundamentalmente na lectura de textos literarios, tocante a este aspecto, en caso de circunstancia de emerxencia sanitaria sobrevida, será relativamente fácil a adaptación a un sistema non presencial. No que respecta á metodoloxía, a "Lección maxistral" sería substituída polo aporte de materiais de diverso tipo a través da plataforma Moovi e a través de titorías virtuais co grupo, nas que poderían facerse igualmente reflexións e debates semellantes (é un modo de falar) aos desenvolvementos habitualmente na aula.

Do mesmo xeito que nunha situación de docencia normal, o alumnado recibirá as referencias bibliográficas correspondentes a cada tema e lecturas obrigatorias do programa a través do Moovi. É moi importante, por isto, que preste a máxima atención aos avisos e materiais que se subirán á plataforma.

2. Avaliación

O deseño da avaliación da materia no seu formato presencial, apóiase en varios tipos de proba: os contidos das leccións maxistras, traballo tutelado e exposicións e debates na aula, cuxo resultado representa un 45% da cualificación da materia; e unha proba exame consistente en preguntas de desenvolvemento, o resultado do cal representa o 55%.

Se a situación o requirise, este deseño veríase modificado nos seguintes termos:

a) Caso de situación de ausencia total de presencialidade: un 80% da cualificación corresponderá á suma dos resultados de exposicións escritas sobre cada lectura do programa (que o alumnado remitirá á profesora no tempo e forma requeridos) e un 20% a debates realizados en titorías de grupo virtuais.

b) Caso de situación combinada entre presencialidade e non presencialidade: un 65% da cualificación corresponderá á suma dos resultados de exposicións escritas sobre cada lectura do programa (que o alumnado remitirá á profesora no tempo e forma requeridos) e un 35% as actividades de aula desenvolvidas no período de docencia presencial.

En ningún caso se modifican, en cambio, os requisitos para superar as probas. Como se di na Guía docente: "Será requisito para aprobar cada unha das actividades a correcta expresión oral e escrita, é dicir, o uso pertinente dos signos de puntuación, a corrección ortográfica, a orde e claridade na exposición e a limpeza dos exercicios. Por outro lado, naquel tipo de probas no que se faga uso de fontes bibliográficas secundarias, estas terán que aparecer referidas adecuadamente; plaxiar unha fonte, é dicir, transcribila literalmente facéndoa pasar por discurso propio, invalidará inmediatamente o exercicio.

Para o alumnado semipresencial, no caso de producirse esta emerxencia, o desenvolvemento e avaliación da materia coincidirían coa do alumnado presencial (nos termos arriba expostos).

Por outro lado, de se impor unha modalidade docente mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo a outra parte as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que na modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**As tecnoloxías na ensinanza-aprendizaxe de linguas**

Materia	As tecnoloxías na ensinanza-aprendizaxe de linguas			
Código	V01G400V01945			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Procesos migratorios e ensinanza de linguas**

Materia	Procesos migratorios e ensinanza de linguas			
Código	V01G400V01946			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS**Bilingüismo e educación bilingüe**

Materia	Bilingüismo e educación bilingüe			
Código	V01G400V01947			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	9	OP	4	2c
Lingua impartición				
Departamento				
Coordinador/a				
Profesorado				
Correo-e				

----- GUÍA DOCENTE NON PUBLICADA -----

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Prácticas textuais: Poesía				
Materia	Prácticas textuais: Poesía			
Código	V01G400V01965			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Angueira Viturro, Anxo			
Profesorado	Angueira Viturro, Anxo			
Correo-e	angueira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Prácticas de creación, crítica e edición de textos poéticos.			

Competencias	
Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
CG6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CE10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
CE17	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Desenvolver as habilidades de creación e de crítica poética.	CB1 CG4 CE3 CT2 CB2 CG6 CE6 CT3 CB5 CG8 CE9 CT6 CE10 CT8 CE17 CT9 CT10 CT11 CT12

Buscar un estilo propio a partir da experiencia, da práctica e da retroalimentación da aprendizaxe.	CB1 CB2 CB5	CG4 CG6 CG8	CE3 CE6 CE9 CE10 CE17	CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12
Comprender os procesos creativo e crítico para mellorar as técnicas de expresión poética.	CB1 CB2 CB5	CG4 CG6 CG8	CE3 CE6 CE9 CE10 CE17	CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12

Contidos

Tema	
Obradoiro de prácticas para a creación e a crítica de textos poéticos, de calquera modalidade e subxénero	Poesía e música. Poesía e ritmo. Poesía e espazo. Poesía e voz.
Presentación de orixinais de forma profesional segundo os estándares habituais da edición (impresa e dixital).	Presentación e formatos Edición e formatos
Comprensión do fenómeno editorial, en especial do mercado do público lector e dos instrumentos da edición profesional.	Poesía e campo literario

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	32	36	68
Traballo tutelado	13	36	49
Resolución de problemas	3	30	33

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O desenvolvemento da aula farase a partir de explicacións sobre cada tema nas que se vaian introducindo tamén os textos pertinentes. O alumnado semipresencial deberá asistir a sesións de titoría, que se celebrarán a razón de unha por mes, aproximadamente. Ademais, disporán en Fatic de cuestionarios, apuntamentos, presentacións gráficas e vídeos e outro material diverso que consideren os profesores.
Traballo tutelado	Serán necesarios ás veces para completar as explicacións da aula. O alumnado semipresencial deberá realizar os mesmos traballos presentándoos por escrito, via correo electrónico ou segundo acorde cos profesores.
Resolución de problemas	Na aula faremos lecturas e comentarios dos textos máis salientables, dedicándolle a última parte de cada unha das sesións, que o alumnado deberá completar con outras lecturas e comentarios suxeridos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O profesor responderá ás consultae ou dúbidas individuais, e fará suxestións específicas segundo os interese e aptitudes de cada alumno.
Resolución de problemas	Cada traballo será titorizado individualmente polo profesor durante a súa realización (sexa por medio de titorías presenciais, sexa mediante correo electrónico, etc.). Cada alumno recibirá, a posteriori, un comentario específico sobre o seu traballo.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Lección maxistral	As lecturas e comentarios realizados na aula, así como todas as lecturas que se vaian propondo, serán obxecto de avaliación. O alumnado semipresencial está obrigado a realizar estas probas de maneira presencial na data oficial de exames da FFT.	15			CE3 CE6 CE9 CE10	CT3
Traballo tutelado	Os contidos desenvolvidos ao longo do cuadrimestre avaliaranse mediante un exame ao final do mesmo na data oficial da Facultade. O alumnado semipresencial tamén está obrigado a realizar estas probas de maneira presencial na mesma data.	70	CB1 CB2 CB5	CG4 CG6 CG8	CE3 CE6 CE9 CE10 CE17	CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12
Resolución de problemas	O discente preparará en grupo ou en solitario comentarios de texto e informacións concisas para ser expostas na aula. O alumnado semipresencial está obrigado a realizar estas probas vía telemática no prazo que se fixe.	15	CB1 CB2 CB5	CG4 CG6 CG8	CE3 CE6 CE9 CE10 CE17	CT2 CT3 CT6 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado, tanto presencial como non presencial, que se presente á "segunda edición de actas" realizará unha proba por escrito (na data oficial, segundo o calendario da FFT) con contidos pertencentes a todo o temario, incluíndo:

1.- recoñecemento de textos, 2.- comentario de textos, 3.- preguntas curtas de resposta curta e 4.- preguntas longas para desenvolver.

En función do desenvolvemento do curso e da actividade desenvolvida por cada un dos discentes algún(s) destes apartados pode(n) non ser necesario(s).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Casas, Arturo, **Antoloxía consultada da poesía galega 1976-2000**, Tris-Tram, 2004

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Análise das obras centrais da literatura galega desde 1975-II/V01G400V01927

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das obras centrais da literatura galega durante o franquismo/V01G400V01924

Plan de Continxencias

Descrición

Mantéñense metodoloxías, contidos, avaliación e titorías na docencia realizada a través das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (aulas e despachos virtuais, correo electrónico e Faitic).

Na modalidade mixta, na que unha parte do estudantado permanecerá na clase, seguindo o resto do estudantado as clases dun modo preferentemente síncrono ou asíncrono dependendo da ferramenta que mellor se adapte a cada unha, as metodoloxías, a atención personalizada e a avaliación serán as mesmas que as da modalidade presencial, adaptando os grupos e quendas para cumprir coa normativa sanitaria.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Prácticas textuais: Novos formatos**

Materia	Prácticas textuais: Novos formatos			
Código	V01G400V01966			
Titulación	Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Chas Aguión, Antonio Fernández Álvarez, Manuel Santiago			
Profesorado	Alonso Alonso, María Chas Aguión, Antonio Fernández Álvarez, Manuel Santiago Placín Alonso, Leticia			
Correo-e	achas@uvigo.es manuelforcadela@gmail.com			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición	Taller de prácticas para a creación de textos destinados a novos formatos ou a formatos audiovisuais xeral			

Competencias

Código	
CB1	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB2	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG3	Capacidade do estudantado no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
CG4	Mellora da capacidade de comunicación en español, galego e portugués en diferentes contextos profesionais, traballando as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas.
CG6	Ser quen de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.
CG8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
CE3	Coñecemento da literatura galega, española e portuguesa.
CE6	Coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria.
CE9	Coñecemento de retórica e estilística.
CE10	Coñecemento dos conceptos e métodos da literatura comparada.
CE15	Coñecemento das repercusións lingüísticas e interculturais do contacto de linguas.
CE17	Capacidade para elaborar textos orais e escritos de diferente tipo.
CE18	Capacidade para localizar, utilizar e aproveitar a información contida en bases de datos e outros instrumentos informáticos e Internet.
CT2	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
CT3	Coñecementos xerais sobre a área de estudo (lingüística, linguas galega, española, portuguesa, latina, literaturas, tecnoloxías, estudos culturais)
CT6	Capacidade de xestionar a información.
CT8	Habilidade para traballar de forma autónoma.
CT9	Capacidade crítica e de autocrítica.
CT10	Capacidade de análise e síntese.
CT11	Capacidade para manexar a bibliografía consultada e para citala axeitadamente.
CT12	Respecto pola ética profesional e, en particular, pola propiedade intelectual.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias				
Desenvolver as habilidades de creación de textos para novos formatos: blogues, práctica discursiva en redes sociais, guións audiovisuais, presentacións documentais.	CB1	CG3	CE3	CT2	
	CB2	CG4	CE6	CT3	
	CB5	CG6	CE9	CT6	
		CG8	CE10	CT8	
			CE15	CT9	
			CE17	CT10	
			CE18	CT11	
				CT12	
	Comprender o proceso creativo para mellorar as técnicas de expresión discursiva.	CB1	CG3	CE3	CT2
		CB2	CG4	CE6	CT3
		CB5	CG6	CE9	CT6
			CG8	CE10	CT8
			CE15	CT9	
			CE17	CT10	
			CE18	CT11	
				CT12	

Contidos

Tema	
BLOQUE#1 Semiótica da mirada.	1.1. Definición da mirada. 1.1.1. Ver vs. mirar. 1.1.2. Cadro semiótico: Ver sen mirar/Mirar sen ver. 1.2. Formas de mirar sen ver: Lectura, soño, cegueira, ficción, ideoloxía. 1.3. A construción da mirada 1.3.1. A perspectiva diegética. 1.3.2. Tempo e lugar da mirada. 1.3.3. Tempo e lugar do mirar sen ver. 1.3.4. Cronos e Aión. 1.4. Exemplos cinematográficos: Wim Wenders e A. Tarkovsky.
BLOQUE#2 O libro de artista	2.1. Concepto do libro como obra de arte. Orixe e evolución ata a actualidade. 2.2. Interdisciplinaridade. 2.3. Tipos de libros de artista.
BLOQUE#3 Prácticas e culturas dixitais	3.1. Novas formas de organización textual: formas intermediales e arte de novos medios. 3.2. Culturas algorítmicas e de interface. 3.3. Escrituras expandidas. 3.4. Prácticas de redes de activistas en Internet, a produción artística multimedia ou os saberes de comunidades dixitais. 3.5. Novos formatos de prácticas culturais e a cultura snack: as redes sociais, microcuentos, os book trailers. clips, tuits, memes, mobisodios, webisodios, teasers, sneakpeaks, cápsulas informativas[]

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	0	4
Estudo previo	0	20	20
Debate	4	10	14
Traballo tutelado	20	20	40
Lección maxistral	20	0	20
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	52	52

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Introdución conceptual ao tres bloques da materia.
Estudo previo	Lecturas e visionados previos á exposición de temas.
Debate	Debates críticos en clase sobre temas e conceptos da materia.
Traballo tutelado	Realización de propostas prácticas na aula individuais e/ou en grupo na que se aplicarán os conceptos aprendidos.
Lección maxistral	Desenvolvemento desde o punto de vista teórico e historiográfico dos temas da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Consulta de dúbidas en horas de tutorías.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Consulta de dúbidas en horas de tutorías.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
